Acta da sesión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, do día 2 de outubro de 2024

(Mixta: 4POC + 2PNC)

[RRC/MCPP]

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior,** o día **2 de outubro de 2024, ás 10:30 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Julio García Comesaña
(Presidente)
Paloma Castro Rey
(Secretaria)
Carmen María Pomar Tojo
(en substitución de Roberto Rodríguez Martínez)
(Vicepresidenta -en funcións-)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
Argimiro Marnotes Fernández
Paula Mouzo Mas
José Alberto Pazos Couñago
Pablo Javier Prieto Perille
María Felisa Rodríguez Carrera
Ángel Rodríguez Conde
(en substitución de Paula Prado del Río)
Katherinie Varela Fernández
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
María Cristina Fernández Davila
Óscar Insua Lema
Iago Suárez Fernández
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Iria Taibo Corsanego
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Patricia Iglesias Rey
Grupo Parlamentario Mixto (M):
Armando Ojea Bouzo

Comparecentes:
Director xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio
Directora xeral de Administración Local
Director xeral de Xustiza
Letrada:
Raquel Rodríguez Carro

PARLAMENTO DE GALICIA

O presidente abre a sesión e rógalle á secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución, así como as pertinentes substitucións. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

Previamente, o presidente propón -de conformidade co establecido no artigo 73.2 do Regulamento da Cámara- unha alteración na orde de tramitación das iniciativas que figuran no punto primeiro desta orde do día, de xeito que se tramitará en primeiro lugar a iniciativa que figura como segunda 1.2 (doc. 7842); non se manifestan obxeccións ao respecto, polo que se considera aceptada por asentimento a precitada alteración (artigo 88 do Regulamento da Cámara).

Xa que logo, pásase ao debate en primeiro lugar da segunda iniciativa:

Punto 1. Preguntas

1.2 7842 (12/POC-001343)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e Castro Rey, Paloma
Sobre o traballo que levou a cabo o Goberno galego para avanzar na normativa autonómica respecto da regulación dos conflitos de intereses, o seu procedemento e supervisión e a regulación dos "lobbies", así como sobre o cumprimento da Lei de protección do informante e loita contra a corrupción
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 67, do 14.08.2024

A Presidencia concédelle a palabra á señora Iglesias Rey (S), quen expón as razóns nas que se basea a cuestión concreta que figura na súa iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no BOPG que anteriormente se refire.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia o director xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio (Consellería de Facenda e Administración Pública), José María Barreiro Díaz.

En rolda de réplica á señora Iglesias Rey (S), agradece a información recibida, que comenta con novas consideracións ao respecto e á vez que solicita unha maior concreción na resposta, motivo polo que se reitera na formulación da pregunta.

Péchase o debate desta iniciativa cunha nova intervención do director xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio (Consellería de Facenda e Administración Pública), José María Barreiro Díaz, quen contesta ás consideracións formuladas.

PARLAMENTO DE GALICIA

A Presidencia agradécelle ao señor Barreiro Díaz, a súa presenza e colaboración cos traballos desta Comisión e descúlpao de seguir na sesión, da que se ausenta.
A seguir, pásase ao debate en segundo lugar da primeira iniciativa:

1.1 7094 (12/POC-000982)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Insua Lema, Óscar e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago
Sobre as medidas inmediatas que prevé tomar o Goberno galego para unha mellora do financiamento local, as valoracións respecto das resolucións da Fegamp nesta materia e a situación no que atinxe á delimitación competencial e á asunción de servizos por parte dos concellos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 62, do 07.08.2024

A Presidencia concédelle a palabra ao señor Insua Lema (BNG), quen amosa os motivos nos que se basean as cuestións concretas que figuran na súa iniciativa sobre as medidas que prevé tomar o Goberno galego para unha mellora do financiamento local.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia a directora xeral de Administración Local (Consellería da Presidencia, Xustiza e Deportes), Natalia Prieto Viso.

Na rolda de réplica o señor Insua Lema (BNG) expón diferentes consideracións a respecto da información recibida e solicita unha concreción na resposta ás cuestións formuladas.

Péchase o debate desta iniciativa cunha nova intervención da directora xeral de Administración Local (Consellería da Presidencia, Xustiza e Deportes), Natalia Prieto Viso, quen contesta ás cuestións formuladas.

Deseguido, pásase ao debate da terceira iniciativa:

1.3 8100 (12/POC-001464)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 8 máis
Sobre o apoio da Xunta de Galicia ao asociacionismo veciñal nos diferentes concellos galegos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 70f2, do 23.08.2024

A Presidencia concédelle a palabra á señora Rodríguez Carrera (P), quen procede á formulación desta iniciativa sobre o apoio do Goberno galego ás asociacións veciñais nos diferentes concellos de Galicia.

PARLAMENTO DE GALICIA

Para a súa resposta intervén, novamente, por parte da Xunta de Galicia a directora xeral de Administración Local (Consellería da Presidencia, Xustiza e Deportes), Natalia Prieto Viso.

Na rolda de réplica a señora Rodríguez Carrera (P), agradece a información recibida, que comenta brevemente con novas consideracións ao respecto, á vez que anima á Dirección xeral de Administración Local a seguir nesa liña de axudas.

Péchase o debate desta iniciativa cunha nova intervención da directora xeral de Administración Local (Consellería da Presidencia, Xustiza e Deportes), Natalia Prieto Viso, quen contesta ás consideracións formuladas.

A continuación, pásase ao debate da cuarta iniciativa:

1.4 9272 (12/POC-001613)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia
Sobre o cumprimento do acordo acadado entre os sindicatos do persoal ao servizo da Administración de xustiza e a Xunta de Galicia no referido ao complemento retributivo de determinación autonómica
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 72f2, do 28.08.2024

A Presidencia concédelle a palabra á señora Castro Rey (S), quen, previo abandono do seu lugar da Mesa da Comisión (artigo 82 Regulamento da Cámara), expón as razóns nas que se basea a cuestión concreta que figuran na iniciativa sobre o complemento retributivo de determinación autonómica.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia o director xeral de Xustiza (Consellería da Presidencia, Xustiza e Deportes), José Tronchoni Albert.

Na rolda de réplica a señora Castro Rey (S), agradece a información recibida, que comenta con novas consideracións ao respecto, ás que lle contesta nunha nova intervención o director xeral de Xustiza, José Tronchoni Albert, e con cuxa intervención se pecha o debate desta iniciativa.

A Presidencia agradécelle ao señor Tronchoni Albert, a súa presenza e colaboración cos traballos desta Comisión e descúlpao de seguir na sesión, da que se ausenta.

A seguir, éntrase no desenvolvemento do punto segundo da orde do día:

Punto 2. Proposicións non de lei

2.1 8881 (12/PNC-000900)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

Prado del Río, Paula e 8 máis
Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de persistir no apoio aos concellos coa dotación de medios e axudas económicas para a prestación dos servizos de Protección Civil
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 68, do 21.08.2024

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei se presentaron dúas emendas: unha de adición polo G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. 12196) e outra de substitución polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. 12207), e deseguido concédelle a palabra ao señor Rodríguez Conde (P), quen procede á formulación e defensa desta iniciativa de impulso, que insta o Goberno galego a continuar apoiando aos concellos coa dotación de medios e axudas económicas para a prestación dos servizos de Protección Civil.

Na rolda dos grupos parlamentarios emendantes intervén en primeiro lugar a señora Castro Rey (S), quen, logo de expoñer as súas argumentacións a respecto da proposta formulada, motiva a presentación da emenda de adición do seu grupo (doc. 12196).

En segundo lugar intervén o señor Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG) en defensa da emenda de substitución presentada polo seu grupo, á vez que deixa constancia das súas argumentacións a respecto da proposta formulada.

Na rolda do grupo parlamentario non emendante intervén o señor Ojea Bouzo (M), quen, tamén deixa constancia das súas argumentacións ao respecto co pronunciamento favorable do seu grupo á proposta formulada.

Na rolda de puntualizacións o señor Rodríguez Conde (P) comenta as argumentacións das anteriores intervencións e motiva que non van aceptar as emendas dos demais grupos parlamentarios.

A continuación pásase ao debate da segunda iniciativa:

2.2 **10359 (12/PNC-000975)**
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Suárez Fernández, Iago e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago
Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe promover en relación coa prestación dos servizos deportivos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 81f2, do 11.09.2024

A Presidencia, logo de comunicar que a esta proposición non de lei se presentaron dúas emendas: unha de adición polo G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. 12195) e outra de substitución polo G.P. Popular de Galicia (doc. 12212), concédelle a palabra ao señor Suárez Fernández (BNG), quen procede á formulación e defensa desta iniciativa de impulso que insta o Goberno galego sobre as actuacións que debe promover en relación coa prestación dos servizos deportivos.

PARLAMENTO DE GALICIA

Na rolda dos grupos parlamentarios emendantes intervén, en primeiro lugar, a señora Castro Rey (S), quen motiva a emenda de adición do seu grupo (doc. 12195) co pronunciamento favorable do seu grupo á proposta formulada.

En segundo lugar, o señor Prieto Perille (P), logo de expoñer as súas argumentacións a respecto da proposta formulada, explica e defende a emenda de substitución presentada polo seu grupo (doc. 12212).

Na rolda do grupo parlamentario non emendante intervén o señor Ojea Bouzo (M), quen, deixa constancia das súas argumentacións ao respecto co pronunciamento favorable do seu grupo á proposta formulada.

Na rolda de puntualizacións o señor Suárez Fernández (BNG) comenta as argumentacións das anteriores intervencións e expón diferentes consideracións a respecto da emenda de substitución do grupo maioritario que non acepta, ao tempo que insiste na defensa da súa proposta coa aceptación da emenda de adición do G.P. dos Socialistas de Galicia.

Ao esgotarse o debate, a Presidencia procede á votación das proposicións non de lei, pola orde na que figuran na convocatoria e cos resultados que se reflicten a seguir:

1) Iniciativa, **doc. 8881 (12/PNC-000900), do G.P. Popular de Galicia**; sométese a votación o texto resolutivo orixinal e resulta **aprobado** sen modificacións por:

. votos a favor ..... 12(GGPP:P+S+M)
. votos en contra 0
. abstencións ..... 5(G.P. BNG)

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a continuar apoiando os concellos coa dotación de medios e axudas económicas para a prestación dos servizos de Protección Civil, dado o importante labor que prestan á cidadanía.»

2) Iniciativa, **doc. 10359 (12/PNC-000975), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego**; sométese a votación o texto resolutivo orixinal coa engádega da emenda de adición do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. 12195) e resulta **rexeitado** por:

. votos a favor ..... 8(GGPP:BNG+S+M)
. votos en contra ..... 9(G.P. P)
. abstencións 0

PARLAMENTO DE GALICIA

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión.

Remata a sesión ás 13:45 horas.

V. e pr.

Julio García Comesaña

Firmado digitalmente por Julio García Comesaña
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Julio García Comesaña, email=julio.garcia.comesana@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.10.11 09:36:03 +02'00'

Julio García Comesaña
Presidente da Comisión

Paloma Castro Rey

Firmado digitalmente por Paloma Castro Rey
Fecha: 2024.10.10 14:15:20 +02'00'

Paloma Castro Rey
Secretaria da Comisión